

Cuestións Bloque IV

14.- O cambio dinástico e a Guerra de Sucesión: causas, bandos e Paz de Utrecht.

En 1700, **Carlos II de Habsburgo morreu** sen descendencia deixando no seu testamento como **herdeiro** da Monarquía Hispánica a **Felipe de Anjou (Borbón)**, **neto de Luís XIV de Francia** e emparentado por liña materna coa dinastía dos Habsburgo, producíndose así un cambio dinástico que ao **non ser aceptado por todos os países europeos orixinou un conflito bélico**.

Nun primeiro momento Felipe V foi aceptado e recoñecido como rei nas coroas de Castela e Aragón, pero **os Habsburgo de Austria** non aceptaron que a Monarquía Hispánica pasase aos Borbóns e **defendían o seu propio candidato**, o **arquiduque Carlos de Austria**, fillo do emperador Leopoldo I. Ademais, **a posibilidade da formación dun bloque hexemónico coas unións das Coroas de Francia e a Monarquía Hispánica** e o papel prepotente e de control que desempeñaba Luís XIV **atemorizou os reinos europeos**.

En 1701, formouse unha alianza antiborbónica entre Austria, Inglaterra e Holanda (2ª **Gran Alianza da Haya**), á que logo se uniron Prusia, Portugal, Savoia e a maioría dos príncipes alemáns e italianos. Uns trataban de **evitar a hexemonía borbónica** e defender ao candidato austríaco. Outros buscaban a **división das posesións españolas** e obter **vantaxes no seu comercio colonial**. Deste xeito desatouse unha guerra pola Sucesión á Monarquía Hispánica entre o bando austracista (2ª Gran Alianza da Haya e territorios da Coroa de Aragón) e os Borbóns (Francia e a Coroa Castela) que se prolongou entre 1702 e 1715.

Nos territorios peninsulares da Monarquía Hispánica existía división con respecto ao novo rei. Mentres que **Castela** decantouse por apoialo, os territorios da Coroa de **Aragón** apoiaron ao arquiduque Carlos de Austria, xa que recibían de Francia desde a crise de 1640 e desconfiaban **das tendencias centralizadoras e uniformizadoras** dos Borbóns que podían acabar co seu réxime foral. Foi así que a Guerra de Sucesión tivo unha **dobre dimensión**, pois foi un conflito **europeo** pero tamén **civil**.

O enfrontamento estendeuse por toda Europa, con vitorias e derrotas para os dous bandos, marcando o **inicio das conversacións** para lograr a **paz** un cambio de posición das potencias europeas aliadas en 1711 cando, trala morte do emperador, o **arquiduque Carlos** se converte no **herdeiro do Imperio austríaco**. O **perigo** dunha **hexemonía** dos Habsburgo austríacos ao xuntar o Imperio austríaco coa Monarquía Hispánica ameazaba o equilibrio continental tanto como a hexemonía dos Borbóns.

O **conflito pechouse cos Tratados de Utrecht (1713) e de Rastadt (1714)** nos que, co obxectivo de manter o **equilibrio europeo**, estableceuse o recoñecemento de **Felipe V de Borbón** como **rei de España**, a **cambio** da **renuncia** aos seus dereitos sobre a **Coroa de Francia** e a **entrega dos Países Baixos españois, Nápoles, Milán e Sardenia** ao emperador de **Austria**, **Sicilia** ao rei de **Piemonte**, a colonia de **Sacramento** a Portugal, e **Xibraltar e Menorca** a **Gran Bretaña**, que **ademais** obtiña importantes concesións comerciais (un **navío de permiso** para comerciar coa América hispánica e o **asento de negros**). A pesar de asinarse a paz internacional, **a guerra continuou en España**; as tropas de **Felipe V conquistaron Barcelona o 11 de setembro de 1714 e Mallorca e Eivissa en 1715**. **Felipe V xustificándose no dereito de conquista** aplicará nos territorios da Coroa de Aragón os **Decretos de Nova Planta**, impondo un modelo absolutista e centralista.

15.- Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos

En 1700 o rei Felipe V de Borbón recibiu a coroa da Monarquía Hispánica. Naqueles momentos estaba formada por un conglomerado de reinos, cada un dos cales tiña leis, foros e institucións diferentes. Na península o poder do rei era forte na Coroa de Castela, pero estaba suxeito a fortes limitacións na Coroa de Aragón.

Os Decretos de Nova Planta forman parte do programa de reformas políticas e administrativas, inspiradas no modelo político francés, que o rei Felipe V introduciu desde o inicio do seu reinado co obxectivo de establecer un maior grao de centralización do poder político e a unificación

lexislativa e institucional na Monarquía Hispánica. Trátase dun conxunto de decretos asinados polo monarca durante a Guerra de Sucesión mediante os que quedaban abolidos os privilexios forais dos reinos da Coroa de Aragón, considerados como rebeldes por tomar partido por Carlos de Austria na Guerra. Felipe V, a medida que ía recuperando territorios, aboliu os privilexios de Aragón e Valencia (1707), Mallorca (1715), e Cataluña (1716), impondo as leis de Castela.

Pola aplicación dos Decretos, os reinos da Coroa de Aragón perderon a súa autonomía política e institucional, sendo sometidos aos modelos casteláns. As súas institucións particulares (Cortes, Deputacións, Consellos, Generalitat) foron suprimidas, os vicerreís foron substituídos por capitáns xerais, os concellos foron sometidos á autoridade dos corrixidores e introducíronse os intendentés. Os seus tribunais xudiciais foron modificados mediante a creación de Audiencias en Zaragoza, Valencia, Mallorca e Barcelona a imitación das de Castela; e o dereito público de aplicación pasou a ser o de Castela (aínda que permaneceu o civil catalán). Ademais, o castelán substituíu ao catalán como lingua na Administración. Ao perder as súas Cortes e institucións perderon tamén a capacidade que tiñan de limitar as esixencias do rei para cobrar novos tributos, introducíndose novos impostos como o catastro; así mesmo impuxéronselles as quintas para o recrutamento de soldados, servizo do que estaban exentos. Finalmente, suprimíronse as aduanas entre os reinos, o que tivo un efecto positivo para a economía.

Estas reformas absolutistas e centralistas supuxeron unha profunda alteración da constitución tradicional da Monarquía Hispánica: o antigo agregado de coroas e reinos que mantiñan as súas propias institucións e leis deu paso a un estado centralista, aínda que subsistiron numerosos particularismos políticos e xurisdiccionais: Navarra e as provincias vascas mantiveron os seus privilexios forais e os seus réximes especiais (provincias exentas), en gran parte polo apoio prestado á causa borbónica durante a Guerra de Sucesión.

16. O REFORMISMO BORBÓNICO EN GALICIA (a matrícula de mar, o arsenal de ferrol, a apertura do comercio colonial).

Felipe V e os seus sucesores desenvolveron un gran **intervencionismo** co obxectivo de **modernizar política e economicamente o seu reino**: é o coñecido como **reformismo borbónico**.

Respecto da centralización político-administrativa hai que salientar a perda do papel político das Xuntas do Reino e a creación en 1712 da Real Intendencia do Reino de Galicia, con amplas competencias militares, fiscais, xudiciais e económicas que converteron aos intendentés nos principais impulsores do reformismo borbónico en Galicia. **A nivel militar, dúas medidas** adoptadas polo ministro galego José Patiño tiveron **fondas repercusións en Galicia**: a elección en 1726 de Ferrol como sede do departamento marítimo do norte e o establecemento en 1737 da matrícula de mar. Con respecto ás reformas económicas destacan as medidas liberalizadoras encamiñadas a revitalizar o comercio colonial, que beneficiarán principalmente á cidade de **A Coruña**.

O arsenal de Ferrol. En 1714 Felipe V de Borbón creou a Real Armada unificando as numerosas armadas da época dos Austrias e os seus mandos e en 1726 estableceu a **división das costas españolas en tres departamentos marítimos (Ferrol, Cádiz e Cartagena)**. En cada unha desas cidades **estableceuse un arsenal**, seguindo o modelo francés de instalacións combinadas de estaleiros e almacéns de armas. Grazas a iso Ferrol converteuse nun importante **núcleo industrial** e urbano (acadando preto dos 25.000 hab. en 1787) con **novos barrios** como o da Magdalena, ocupado principalmente polos **oficiais** da Armada e deseñado seguindo os principios do urbanismo racionalista da época da Ilustración.

A matrícula do mar. Foi un sistema de **recrutamento obrigatorio de tripulacións para os buques da Armada**. O sistema rexistraba a todas as persoas **traballadoras do mar** indicando a

clase e experiencia (mariñeiro, artilleiro, grumete...) para coñecer as súas habilidades. Os matriculados quedaban **libres de quintas e de impostos municipais**, pero podían ser chamados ao servizo da Armada ata cumprir 60 anos. A pesar das exencións previstas, foi **impopular** polo seu carácter **forzoso**, habendo fraudes e desercións. A extensión do litoral de **Galicia** e o elevado número de persoas relacionadas cos traballos do mar fixo que **na segunda metade do século XVIII** a rexión **rexistrase a cuarta parte da matrícula humana das frotas españolas**. Tivo un **efecto negativo sobre a pesca local** favorecendo os intereses dos **fomentadores** cataláns que aproveitaron a situación para monopolizar a pesca, salgado e comercialización da sardiña dos caladoiros galegos.

A apertura do comercio colonial. A **eliminación do monopolio do comercio colonial** exercido por **Sevilla- Cádiz favoreceu a** Galicia, especialmente a **Coruña**. En **1764**, o goberno de **Carlos III** estableceu nesa cidade o **Servizo de Correos Marítimos**, unha compañía estatal de buques encargada de levar a correspondencia ao porto da **Habana e (desde 1767) a Bos Aires**, e que tamén podía transportar persoas e mercadorías, excepto nos períodos bélicos nos que se transformaban en navíos de guerra. En **1765** o porto da Coruña foi **autorizado para comerciar directamente con América**. Ambas as concesións contribuíron a favorecer o **crecemento comercial e a renovación urbanística e portuaria da cidade** (destacando a restauración da Torre de Hércules en 1791). Posteriormente, **a apertura ampliouse cos decretos de libre comercio (1778)** a naves privadas **e aos portos de Vigo (1785) e Ferrol (1787)**, consolidando o comercio naval a longa distancia en Galicia, se ben os problemas do comercio colonial se multiplicaran desde 1780 coa saturación dos mercados indianos, a serie continúa de conflitos bélicos nos que se viu involucrada a monarquía hispánica e que a levou a abrir o comercio aos países non belixerantes co *decreto de neutrais* (1797)...

17.- As ideas fundamentais do pensamento ilustrado

A Ilustración foi o movemento intelectual máis característico da Europa do século XVIII. Partindo da crítica ao pensamento tradicional e a sociedade do seu tempo, a Ilustración defendeu o coñecemento baseado na razón e deste xeito promoveu tanto o desenvolvemento económico como as reformas sociais e políticas que levarían ao progreso e o benestar.

Os pensadores ilustrados insistían en que a procura da felicidade debe ser a base dun novo ideal humano. Así pois, debíase lograr unha organización social racional onde se respectase a liberdade individual e a igualdade de dereitos e obrigacións de cada persoa. Por todo isto cuestionaban os fundamentos da sociedade estamental, baseada na desigualdade e nos privilexios.

Tanto en España como en Galicia, as novas ideas da Ilustración tiveron un desenvolvemento tardío. Na súa concreción pódense distinguir dúas etapas. A primeira, durante os reinados de Felipe V (1700-46) e de Fernando VI (1746-59), denominada de protoilustración, estivo encabezada polos chamados proxectistas (por elaborar proxectos para o goberno) e os revolucionarios ou novatores (por querer innovar no pensamento e na ciencia) entre os que destacaron Feixoo e Mayáns.

A segunda, plenamente ilustrada e de apoxeo, desenvolveuse durante o reinado de Carlos III (1759-88) e nela destacaron os ilustrados Campomanes, Floridablanca, Olavide, Aranda...; en Galicia destaca Xosé Cornide. As ideas ilustradas foron aceptadas e promovidas por unha minoría culta con gran influencia política. En liñas xerais, o seu pensamento e as súas propostas caracterizáronse pola moderación reformista, sen cuestionar o orde socio-político establecido; só uns poucos foron evolucionando cara a posicións máis radicais e preliberais.

En síntese o seu pensamento caracterizouse por:

-A crítica á realidade vixente, á ignorancia e á falta de cultura, ao atraso técnico e económico, aos prexuízos sociais e aos abusos dos poderosos.

-O fomento da educación e da renovación científica (as ciencias útiles) para superar o atraso existente e modernizar España. Estes ideais concretaríanse na fundación de escolas técnicas (como a Escola de Náutica e a de Comercio na Coruña) e na creación das Academias (da Lingua, Medicina, Historia, Belas Artes...).

-O predominio das preocupacións económicas, tentando fomentar e mellorar todos os sectores produtivos (en especial o artesanal e comercial) co obxectivo de incrementar a riqueza do reino e o benestar e a felicidade da poboación. Con este propósito crearon as Sociedades Económicas de Amigos do País. Tamén a prensa (como O Censor e O Pensador) contribuíu á divulgación destas ideas e proxectos.

-O recurso ao poder do rei para alcanzar as reformas pretendidas e afastar tanto os obstáculos existentes como a oposición dos sectores tradicionalistas, maioritarios na Igrexa e na sociedade. Por iso defenderon unha nova concepción do poder coñecida como despotismo ilustrado: os monarcas debían exercer un poder absoluto, pero este debía empregarse, impulsando e encabezando as reformas o propio rei, en lograr aumentar a riqueza e o benestar (resumido no lema: todo para o pobo pero sen o pobo). Este apoio ao poder real fixo que moitos ilustrados formasen parte dos gobernos, en especial durante o reinado de Carlos III. O movemento foi cuestionado polo temor derivado da Revolución Francesa (1789) pero das ideas da Ilustración nacerá o foco de pensamento liberal que será protagonista a partir de 1808.